

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015007	CEIP Plurilingüe de Cedeira	Redondela	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A presente PD (Programación Didáctica) está enmarcada no "Decreto 155/2022 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Cada unha das 3 UD (Unidades Didácticas) que conforman esta PD están concibida para inculcarlle ao alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que as 3 UD teñen unha temporalización de carácter trimestral.

Ao mesmo tempo, co comezo deste nivel comeza o 2º ciclo, que procura que o alumnado deste centro mellore na súa autonomía ao longo deste, especialmente nas súas producións artísticas. Así pois, búscase tamén que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no 1º ciclo anterior, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar sobre de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ritmo con ledicia	Esta UD pretende, por un lado, repasar e afianzar os contidos de 2º primaria retomando a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc., e, polo outro, seguir desenvolvendo a recepción activa e a vivencia de diferentes elementos da música e da danza a través do ritmo como primeiro elemento a traballar. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	34	13	X		
2	Melodía sen medo	Esta UD2 prosigue o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza, mais nesta ocasión, centrándonos máis na melodía e as notas musicais. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller serán datas con celebración a ter en conta.	33	11		X	
3	Ritmo e melodía, que alegría	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados; nesta ocasión centrarémonos noutros aspectos como a velocidade e a intensidade. As Letras Galegas e o Día da Música serán de especial relevancia.	33	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Ritmo con ledicia	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Discrimina entre as diferentes propostas musicais traballadas. Descobre propostas musicais que transmitan diferentes emocións.	TI	100
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Recoñece o timbre de diferentes instrumentos da música tradicional e popular galega.		
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Representa con grafía convencional e non convencional :o pulso con e sen acento e a duración do son. Asocia o son dalgúns instrumentos e/ou voces ao debuxo correspondente.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Propón e reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de 4 pulsos. Improvisa vocal ou corporalmente 4 pulsos no último compás dunha secuencia de 4 compases.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Interpreta combinacións rítmicas de 8 pulsos, con grafías non convencionais, de sons fortes e pianos, outras de sons longos e curtos e outras de sons agudos e graves.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Entende a representación facial das emocións nas propostas escénicas e performativas selccionadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describe algún dos pasos de bailes ou danzas traballadas, algúns elementos característicos do vestiario do baile tradicional galego e nomea algúns dos instrumentos tradicionais que adoitan interpretala.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza o paso tacón-punta da muiñeira. Grupalmente realiza movementos corporais que representen ledicia ou tristura, segundo suxira cada música proposta.		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa, verbalmente e por escrito, os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

Contidos

- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
2	Melodía sen medo	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece a diferenza e discrimina entre música tradicional e música moderna. Descubre propostas musicais que transmitan ira e medo.	TI	100
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa: negra, branca (e silencios), dobre corchea, barra divisoria e dobre barra final, clave de sol e compás 2/4 e 3/4 (discriminando estes pola acentuación do pulso).		
CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa nun traballo grupal sobre música e danza galega tradicional.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea unha melodía de 4 compases de 2/4 ou de 3/4 (do, mi, sol, la e do agudo; branca, negra, silencio de negra e dobre corchea). Improvisa no xilófono (escala pentatónica) sobre unha base musical.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e interpreta liñas rítmicas de ata 4 compases de 2/4 e 3 compases de 3/4 (figuras: negra, silencio de negra e dobre corchea).		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena partitura de grafía non convencional orixinal, e que conteña algúns dos elementos traballados no curso, para ser explicada e interpretada ao resto.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Entende a representación corporal (inclúese tamén a facial) das emocións nas propostas escénicas e performativas seleccionadas.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa nun traballo grupal sobre música e danza galega tradicional.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Baila de xeito completamente libre nalgunha parte dunha coreografía aprendida. Grupalmente realiza movementos corporais que representen ira ou medo, segundo suxira cada música proposta.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participa en grupo na creación dunha pequena coreografía que inclúa unha parte para a improvisación libre.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas explicando parte do proceso e o final obtido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos. - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Vocabulario específico de uso común en música. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. - Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas. - Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

UD	Título da UD	Duración
3	Ritmo e melodía, que alegría	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas musicais que transmitan sorpresa ou aversión. Recoñece diferentes emocións transmitidas nas diferentes propostas seleccionadas.	TI	100
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica visualmente e representa no pentagrama: notas do, re, mi, fa, sol, la, si e do agudo. Realiza ditados de 8 pulsos: rítmicos (negra, silencio negra e dobre corchea) e melódicos (mi e sol).		
CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas identificando algunha diferenza e similitude entre elas.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou de reciclaxe. Toca na frauta as notas mi, fa, sol, la, si; do e re agudos.		
CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes.	Le e entoa unha partitura de ata 4 compases de 2/4 ou 3 de 3/4 (notas: do, mi e sol; figuras: negra, silencio de negra e branca).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas.	Experimenta e elabora en grupo un listado de instrumentos e obxectos sonoros, incluíndo de refugallo e/ou reciclaxe, que poden servir para expresar emocións ou potenciar a súa representación.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Recoñece nas representacións escénicas e performativas propostas as diferentes emocións identificando cada unha delas.		
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Comparte sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas identificando diferenzas e similitudes entre elas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias.	Individualmente realiza movementos corporais que representen as diferentes emocións traballadas.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas.	Participa nun grupo que diseña e interpreta unha pequena coreografía sobre unha música elixida e que empregue representación corporal das 6 emocións traballadas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical. - O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais. - A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos

Contidos

- sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.
- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos.
- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.
- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común en música.
- Recursos dixitais de uso común para música.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.
- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.
- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.
- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.
- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico.
- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expresión
- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.
- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

Contidos

- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

-Automatización nalgúnhas cuestións a tratar ao longo deste primeiro nivel do 2º ciclo e do resto da etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.

-Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.

-Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

-consciencia e colocación da postura corporal

-respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto.

-notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia.

-fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpófono e/ou coa voz.

A metodoloxía será activa favorecendo a participación do alumnado.

Tratarase de crear un ambiente relaxado e silencioso como base para o desenrolo das actividades de escoita e interpretación.

Acompañaranse tódolos contidos de exemplos prácticos nos que o alumno sexa o protagonista.

Realizaranse en grupo o maior número de actividades posible. Utilizaremos a pizarra dixital e un ordenador portátil cos que proxectaremos imaxes que axuden a manter o interese do alumnado, relacionando ditas imaxes con arquivos sonoros a través do programa notebook. Utilizarase fichas fotocopiáveis para reforzar e analizar a aprendizaxe dos conceptos da linguaxe musical e os instrumentos.

Tratarase de dispoñer do suficiente espazo na aula que favoreza a realización de actividades de movemento e danza.

Utilizaranse os instrumentos musicais da aula como recurso de motivación e goce do alumnado á hora de realizar actividades musicais en grupo.

O profesor utilizará instrumentos harmónicos como a guitarra ou o teclado para o acompañamento de cancións.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)

Encerado dixital

Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altosfalantes
Piano electrónico
Micrófono/s, pé/s de micro e cableado
Aula Virtual
Fundas perforadas
Estoxo

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, Tratarase de dispoñer do suficiente espazo na aula que favoreza a realización de actividades de movemento e danza. Para iso temos cadeiras con pa colocadas polos laterais e quedando espazo suficiente no medio, que aproveitamos tamén para realizar os exercicios de relaxación iniciais e outras actividades que se realizan directamente na PDI. O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material (estoxo), e dunha funda perforada onde gardar as fichas ou traballos realizados en papel. Esta poderán quedar na aula custodiada polo mestre, ou poderán levala os alumnos e alumnas para repasar ou rematar algunha tarefa cando sexa o caso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

-Ao ser o mesmo mestre, coñece ao alumnado e tamén os resultados acadados por cada un dos alumnos e alumnas no curso anterior, non obstante despois do paso do verán será necesario estable o punto de partida.

-Esta proba ten unha especial importancia no caso de alumnado de nova incorporación, do cal só consultar a información que consta nos informes individualizados.

Dita proba consistirá de:

-unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións/fragmentos que traballen en aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro.

-unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical dos cursos anteriores.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase, xunto coa titora e cos outros mestres especialistas na seguinte reunión do DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois todas son de observación.

A nota trimestral, no tocante ao que as Unidades Didácticas se refire, será a seguinte:

-60% Unidade Didáctica

-20% O comportamento, o grao de interrupción, o respecto e cumprimento das normas, así como o interese, o esforzo e a colaboración na realización de actividades individuais e colectivas.

-10% A valoración do traballo persoal e realización de pequenas tarefas individuais, así como a responsabilidade por rematar organizar e presentar correctamente as tarefas.

-10% O coidado do material, tanto propio como alleo, así como a responsabilidade de non esquecerlo.

De forma xeral considérase que o/a alumno/a supera a materia se foi acadando valoracións positivas en cada un dos trimestres. Podería superar a materia aínda acadando tan so valoración positiva no último trimestre cando se recoñeza que a evolución do alumno foi de menos a máis.

Cráterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos dándolle a oportunidade de repetir e facer unha nova valoración daqueles traballos nos que non se acadaron os mínimos. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar), unha cantiga sen preparar, seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continúa se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso debemos estar atentos e poñer en práctica as adaptacións metodolóxicas necesarias.

En canto ás actividades teremos:

-Actividades programadas para todo o grupo.

-Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.

-Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

-Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais, onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas. Non é o caso no grupo de 3º de primaria do curso actual.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe. Tampouco hai ningún caso no grupo de 3º de primaria do curso actual.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

No caso de alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación

auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto. Non hai ningún caso de alumnado con estas características neste curso .

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais traballaranse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de panxoliñas do Nadal	Aproveitaremos a chegada do Nadal e as tradicionais panxoliñas para, conxuntamente con representación teatrais que fagan outros especialistas, organizar un pequeno festival de Nadal	X		
Canción de Paz	Prepararemos unha canción con mensaxe de paz e unha coreografía para realizar entre todos no patio con motivo da celebración do Día da Paz.		X	
Despedida do alumnado de sexto e fin de curso.	A idea é darlle unha sorpresa ao alumnado de sexto que deixa a escola e amenizar a despedida do curso			X

Observacións:

A actividades complementarias do tipo de representación, actuación ou concerto conlevan unha alta dose de motivación á maioría do alumnado.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizar unha pequena charla co alumnado onde poidan manifestar os aspectos que menos lle gustan e os que máis lle gustan da materia de música.
Adecouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Aportouse información ao persoal docente titor.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Empregáronse as metodoloxías reflectidas na PD.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado
Apoioouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados